



BOP

SÁBADO, 15 DE ABRIL DE 2017

Nº 086

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Con data 31 de Marzo do presente, aprobouse provisionalmente polo Pleno da Corporación a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras de parte do Concello de Baralla.

Expónse ao público na Secretaría do concello, durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, podendo os interesados examinar dito expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Baralla, 4 de Abril de 2017.- O ALCALDE, Manuel Jesús González Capón.

R. 0984

Anuncio

Con data 31 de Marzo do presente, aprobouse provisionalmente polo Pleno da Corporación a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por expedición de documentos e tramitación administrativa a instancia de parte do Concello de Baralla.

Expónse ao público na Secretaría do concello, durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, podendo os interesados examinar dito expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Baralla, 4 de Abril de 2017.- O ALCALDE, Manuel Jesús González Capón.

R. 0985

LUGO

Anuncio

COBRANZA

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuinte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuinte

Asimesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro día 20 de abril e ata o 20 de xuño deste ano, ambos inclusive, pónse ó cobro, en prazo voluntario, o padrón de recibos correspondente ó ano 2017, dos tributos que de seguido se relacionan

- **Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza urbana.**
- **Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza rústica.**

Para o cobramento dos citados tributos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas. A domiciliación do Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza urbana implicará o seu fraccionamento en dous periodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase o día 5 de xuño polo importe do 50 % do recibo e o segundo cargo o día 5 de setembro polo importe do restante 50 % do recibo. A devolución do primeiro cargo por parte da entidade financeira implicará que o suxeito pasivo queda obrigado ó pagamento da totalidade do recibo antes de que remate o periodo voluntario de pagamento, perdendo a posibilidade do seu fraccionamento e do segundo cargo

Para o resto dos contribuintes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pagamento en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla, nº 197- 2º andar (Facenda Local), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 20 de xullo de 2017, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell; todo elo sen perxuizo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria

Lugo, 03 de abril de 2017.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 0986

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA MARZO DE 2017

Por Xunta de Goberno Local do día 3 de abril de 2017 aprobouse o Padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza de marzo de 2017.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificáanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 6 de abril ata o 6 de xuño de 2017.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 3 de abril de 2017.- O Alcalde-Presidente, José Tomé Roca

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA RECOLLIDA DO LIXO 1º BIMESTRE DO EXERCICIO 2017 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 3 de abril de 2017 aprobouse o padrón da Taxa pola Recollida do Lixo do primeiro bimestre do exercicio 2017

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificáanse colectivamente os recibos derivados deste padrón

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o 19 de abril ata 19 de xuño de 2017.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polo concepto da Taxa pola Recollida do Lixo, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 3 de abril de 2017.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 0987

Anuncio

A Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 3 de abril do 2017 prestou aprobación ás BASES DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN DE DUAS PRAZAS DE: DIPLOMADO EN TURISMO/ TECNICO SUPERIOR EN INFORMACIÓN ECOMERCIALIZACIÓN TURISTICA/ TECNICO SUPERIOR EN GUIA, INFORMACIÓN E ASISTENCIA TURISTICA OU TECNICO SUPERIOR EN EMPRESAS E ACTIVIDADES TURÍSTICAS.

I-NORMAS XERAIS:

a) O presente proceso selectivo rexerese polo establecido nestas bases, para extremos non previstos nas mesmas estarase o disposto nas seguintes normas xerais:

- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local (LBRL)
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).
- Real Decreto 95/1991, de 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia , polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal e
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, por el que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Estatuto dos Traballadores.
- Convenio Colectivo aprobado polo Concello.
- Resolución do 7 de decembro do 2015 polas que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a Concellos declarados municipios turísticos, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, e agosto.
- Resolución 29 de marzo do 2016 da directora de turismo de Galicia concedendo subvención a este Concello para a contratación de dous diplomados en turismo

II.-OBJECTO DA CONVOCATORIA:

Provisión, de dúas prazas de persoal laboral temporal a media xornada, vinculado á subvención concedida a este Concello, por resolución 27 de febreiro do 2017 da directora de turismo de Galicia, para a contratación de dous diplomados/tecnicos en turismo dende a data que fixe a Alcaldía por resolución aprobando a contracción do seleccionado/a ata o 15 de setembro de 2017 a media xornada para para prestar servizo nas oficinas de turismo deste Concello, mediante contrato temporal de duración determinada, obra ou servizo, a media xornada (18 horas e 45 minutos semanais de luns a domingo), percibindo unha retribución bruta mensual de 652´86 € (incluída prorrata de pagas extra)".

A persoa seleccionada deberá atender ó público indistintamente nas dependencias municipais de turismo sitas na Torre da Homenaxe do noso Concello, así como, amosar os Recursos Turísticos do Concello de Monforte de Lemos e informar ós turistas de cantas preguntas relacionadas co Turismo da Ribeira Sacra se poidan dar.

Dito contrato se desenvolve ó abeiro do Artigo 2 e 3 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

O proceso selectivo se desenvolve baixo os puntos de vista de igualdade efectiva entre homes e mulleres, mérito, capacidade, transparencia e publicidade (Web oficial e o taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos).

III.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

Para ser admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán posuír no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto nos artigos 57 e 58 do Estatuto Básico do empregado público(Lei 7/2007, de 12 de abril) en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais e doutros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto de traballo, sen prexuízo do acceso ó emprego público de persoas con discapacidade física ou psíquica debidamente acreditada, en grao igual ou superior ao 33%, nos termos recollidos no artigo 59 da Lei 7/2007, de 12 de abril.

c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso o corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público.

e) Os/as aspirantes precisan estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) de calquera os seguintes títulos:

- Grado/ diplomado e turismo ou equivalente homologado.
- Técnico superior en información e comercialización turística.
- Técnico superior en guía información e asistencia turística.
- Técnico en empresas e actividades turísticas.

Este requisito débese acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

Será nulo o nomeamento do aspirante que estea incurso en causas de incapacidade conforme á normativa vixente.

f) Ter satisfeito a taxa por dereitos de exame por importe de 25´16 €.

g) Ter a condición de desempregado o que debe acreditarse mediante certificación do servizo público de emprego estatal.

Todos estes requisitos deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, manterse durante todo o proceso selectivo e acreditar o seu cumprimento como requisito previo imprescindible para poder ser contratado no seu momento.

IV- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

Os/as que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán presentar instancia, dirixidas ao Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos con arranxo ó modelo que figura ó final destas bases, no Rexistro do Concello ou na forma prevista no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20)días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Igualmente, os aspirantes terán que xuntar á súa solicitude os documentos orixinais ou fotocopias debidamente compulsada acreditativas dos méritos que aleguen (O incumprimento deste requisito impedirá que o tribunal os teña en conta na correspondente fase de avaliación), DNI ou pasaporte, Título requirido e xustificante acreditativo de ter ingresada a cantidade de 25´16 € euros en concepto de dereitos de exame ao abeiro da Ordenanza Reguladora de Taxas para o estudo, análise e expedición de documentos publicada no BOP de data de 29 de decembro de 2011, así coma certificado SEPE da súa condición de desempregados.

As instancias/solicitudes tamén se poderán presentar nas formas que determina o artigo 6 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común. Os aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro xeral do Concello deberán comunicalo por fax, ou outro medio no mesmo día da súa presentación.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello a lista provisional de admitidos e excluídos, indicando a causa de exclusión, concedéndose un prazo de DEZ (10) días NATURAIS a contar dende o día seguinte o da publicación, para subsanar os posibles defectos ou omisións na documentación presentada.

De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde Presidente poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

Igualmente se publicarán no taboleiro de anuncios e na Páxina Web do Concello as datas, lugar, resultados das probas que se realicen así como tódolos anuncios derivados da presente convocatoria.

Para calquera aclaración ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto co teléfono 982 402501.

V- TRIBUNAL:

O tribunal encargado de xulgar estas probas constitúese por:

Presidente: Elisa Fernández Rodríguez (Funcionaria Concello de Monforte).

Suplente: María Inmaculada Buján Arias (Funcionaria Concello de Monforte)

Vocais: Jose Maria Baños Campo (Habilitado Estatal), María Teresa Diz Alonso (Habilitada Estatal) Juan Carlos Prado Díaz. (Laboral fixo do Concello De Monforte)

Suplentes: José María Valcarce Rodríguez, Angel Encinar Arias, Gloria Otero Saco (Laboral fixo Concello De Monforte),

Secretario: Elisa Martínez Arias (Funcionaria Concello de Monforte)

Suplente: Isabel Carbones Bosch (Funcionaria Concello De Monforte)

Designase como asesor a don Carlos Rodríguez Fernández; laboral fixo do Concello de Monforte coma licenciado en Xeografía e Historia.

Todas as persoas compoñentes do Tribunal ostentan o seu cargo e desenvolven o seu labor a título individual, sen que actúen en representación de ninguén.

As persoas que forman parte do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicando a dita circunstancia ao órgano designante, cando concorran nelas calquera das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes ás probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte co disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Os aspirantes poderán recusa-las persoas compoñentes do tribunal de conformidade co previsto nos artigos 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común.

O Tribunal poderá dispo-la incorporación ós seus traballos de asesores/as especialistas, con voz pero sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os/as citados asesores/as limitaranse a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepción de asistencias se clasificarán consonte o establecido no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razón de servizo

O Tribunal na súa actuación axustarase ao establecido nas presentes bases; no non disposto seralle de aplicación á normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na lei 30/1992 do 26 de novembro como na demais normativa de aplicación.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade das súas persoas compoñentes, titulares ou suplentes indistintamente

VI- SISTEMA DE SELECCIÓN:

O sistema de selección será o concurso - oposición de conformidade co disposto no artigo 11 do RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Será obxecto de valoración a carreira profesional e formativa dos aspirantes, conforme aos méritos que a continuación se relacionan:

1- CONCURSO:

A) Titulación académica. Neste apartado poderase acadar como máximo 1 punto.

Titulo de Grado/ diplomado en turismo ou equivalente homologado un punto.

E os seguintes títulos 0´5 puntos.

.- Técnico superior en información e comercialización turística.

- Técnico superior en guía información e asistencia turística.
- Técnico en empresas e actividades turísticas.

So se valorara a titulación superior e un dos títulos de técnico aínda que algún aspirante contara con varios.

B) Experiencia profesional : no mesmo posto de traballo ou similar. Neste apartado poderase acadar como máximo 2 puntos.

1) Por cada ano de prestación de servizos na Administración Local un punto ou fracción equivalente en caso de períodos inferiores.

2) Por cada ano de prestación de servizos noutra Administración Pública 0,75 puntos ou fracción equivalente en caso de períodos inferiores.

3) Por cada ano de prestación de servizos na empresa privada 0,50 puntos ou fracción equivalente en caso de períodos inferiores.

As actividades que non fose realizadas a tempo completo, serán valoradas en proporción ó tempo de desenvolvemento das mesmas, en relación coa xornada laboral habitual no sector da actividade (37,50 horas semanais).

- Os servizos prestados na Administración Pública deberán acreditarse para a súa valoración, mediante presentación do modelo oficial da vida laboral ao que deberá acompañarse inexcusablemente certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, que reflecta o corpo ou grupo profesional de pertenza e as tarefas desempeñadas, non podendo ser valorados polo Tribunal en caso contrario.

No caso de que o aspirante teña prestado servizos neste Concello e desexe que se incorpore de oficio a este proceso selectivo concreto certificado dos servizos prestados por este conforme ás presentes bases debe indicar esta circunstancia no apartado reservado para iso na solicitude e indicar claramente os período/s e posto/s nos que prestou servizos. Noutro caso terá que solicitalo expresamente. De non cumprimentar a solicitude de expedición de oficio e tampouco solicitar o certificado de servizos prestados entenderase que o aspirante se opón a incorporación do certificado de servizos prestados por este ó expediente.

- Os servizos prestados na empresa privada, mediante presentación do modelo oficial da vida laboral ao que deberán acompañarse inexcusablemente os contratos de traballo debidamente rexistrados no INEM, non podendo ser valorados polo Tribunal en caso contrario.

En todo caso dos referidos documentos deberán desprenderse o posto de traballo que desempeñaba o/a interesado/s especificando as tarefas realizadas.

Non se poderá acadar nesta parte da Fase de Concurso máis de tres puntos.

OS MÉRITOS QUE ACREDITE O/A ASPIRANTE PARA A VALORACIÓN DA FASE DE CONCURSO DEBERÁ SER DOCUMENTACIÓN ORIXINAL OU FOTOCOPIAS DEBIDAMENTE COMPULSADAS. O TRIBUNAL NON BAREMARÁ A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO/A ASPIRANTE QUE NON REÚNA ESTES REQUISITOS.

2- OPOSICIÓN:

Proba única: De carácter obrigatorio e eliminatorio e que consistirá na realización dun exame que constará por unha parte de 10 preguntas tipo test correspondentes a parte xeral do programa, puntuarase con 0´50 cada resposta acertada e as respostas erróneas non penalizarán ó resultado, nesta parte da proba poderá obterse, polo tanto un máximo de 5 puntos.

E e por outra banda de tres preguntas curtas relacionadas coa parte específica do programa que se valorarán con 5 puntos cada unha, nesta parte da proba poderá obterse, polo tanto un máximo de 15 puntos.

Os aspirantes contarán cun tempo máximo dunha hora para a realización do total do exercicio (test e preguntas curtas).

Na parte de preguntas curtas relacionadas co temario específico valorarase a calidade da expresión escrita, a capacidade de análise e relación dos contidos e a claridade de ideas, e actuará coma asesor do tribunal Don Xosé Martínez Rodríguez funcionario deste Concello.

Será necesario para superar o exercicio e polo tanto a fase de oposición obter un mínimo de 10 puntos.

Segunda Proba: Unha proba que consistirá na realización dunha tradución dun texto, castelán- galego ou galego - castelán, proposto polo Tribunal. O tempo máximo para a súa realización será de media hora. A súa valoración será de apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter a calificación de apto.

Estarán exentos da realización desta última proba os aspirantes que con anterioridade á mesma acrediten a posesión do Certificado Celga 4, ou estudos oficiais equivalentes.

As diversas probas poden non respetar os prazos mínimo de 48 horas entre proba e proba, incluso realizarse varias no mesmo día, en todo caso, a data e hora de celebración s publicaranse na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello coa maior antelación posible.

Resultará seleccionada a persoa que logo da suma das puntuacións da fase de concurso e de oposición obteña as mellores puntuacións.

En caso de empate ó final do Concurso- Oposición establece os seguintes criterios de desempate :

1º A persoa aspirante de maior puntuación na parte específica da proba da fase de oposición (preguntas curtas)

2º A persoa aspirante de maior puntuación na parte xeral da proba da fase de oposición (test).

3º A persoa aspirante de maior puntuación na fase de Concurso relativa titulación académica.

3.- A persoa aspirante de maior puntuación na fase de Concurso relativa a experiencia profesional.

De persistir a igualdade e non resultar aplicable o previsto pola lei de igualdade efectiva entre mulleres e homes procederase a desempatar mediante sorteo público.

VII.- INCIDENCIAS

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se derivasen desta e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e formas previstas na Lei 30/1992.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se lle presentasen e toma los acordos precisos para o bo fin do concurso -oposición .

VIII- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS:

O/a aspirante proposto/a para o seu nomeamento, a maior brevidade posible, presentará no rexistro de documentos do Concello de Monforte de Lemos a seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada do DNI.

-Tarxeta Sanitaria.

-Copia autenticada do título esixido ou certificación académica de estudos realizados, con xustificante do abono dos dereitos para a súa expedición.

-Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que lle incapacite para o desenvolvemento do posto de traballo de que se trata.

-Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo forza maior, non presente a documentación ou da mesma se dependera que non reúne algún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a quedando anuladas tódalas actuacións do proceso selectivo, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera/n haber incorrido por falsidade nas súas solicitudes de participación.

IX- CREACIÓN E XESTIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO:

Todos os aspirantes que superen a fase de oposición e cumpran os requisitos sinalados na base III pasarán a formar parte dunha bolsa de emprego para a cobertura con carácter temporal por circunstancias da produción que do mesmo posto se poidan dar durante a vixencia do contrato, é dicir, ata o 15/09/2017.

A inclusión na lista farase polo orden de puntuación final-suma da fase de concurso e oposición- obtida polos aspirantes.

Cando sexa necesario proceder o chamamento para cubrir a praza, trala tramitación do seguinte procedemento, ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar por orde de mellor puntuación.

A medida que se produzan necesidades cuxa cobertura sexa solicitada procederase da seguinte forma:

Os Servizos do Concello poranse en contacto telefónico co aspirante, seguindo rigorosamente a orde establecida na lista. No caso de que non se poida localizar a un aspirante de forma telefónica, intentarase por medio dun SMS e dun correo electrónico (de existir dirección), debendo o aspirante dar unha contestación no prazo máximo de setenta e dúas horas; sendo o aspirante non localizado colocado na mesma posición que tiña adxudicada orixinariamente na lista de espera.

Se o aspirante rexeita a oferta de emprego, pasará ao final da lista, salvo que o interesado manifeste expresamente a súa vontade de ser excluído da mesma.

O aspirante que integrado nunha lista de espera, sexa chamado para cubrir unha necesidade e alegue e xustifique a imposibilidade de incorporación efectiva por estar traballando, ou de baixa laboral, continuará na lista de espera na mesma posición que ocupaba inicialmente, aínda que non será activado na lista e chamado para unha nova oferta ata que o propio aspirante comunique aos Servizos Centrais que esta dispoñible por haberse modificado a causa que alegou para non aceptar a oferta de traballo. Destas incidencias deixarase constancia no expediente administrativo.

Se existise no momento do chamamento máis dunha vacante dispoñible que deba ser cuberta, estas deberanse ofertar aos aspirantes en función da orde de prelación que ostenten. O aspirante que sexa obxecto de nomeamento ou contratación, unha vez finalizada a súa prestación será colocado de novo na lista de espera na mesma posición que tiña adxudicada orixinariamente.

X.- RECURSOS ADMINISTRATIVOS

As Bases da convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 30/92, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento común, modificada pola Lei 4/99.

Así mesmo a Administración Municipal poderá, no seu caso, revisa-las resolucións do tribunal conforme ó previsto na citada Lei 30/1992, de 26 de novembro.

TEMARIO:**PROGRAMA DE MATERIAS (TEMARIO) MATERIAS COMUNES**

Tema 1.- A Constitución Española de 1078. Principios xerais. Estrutura. Reforma da Constitución.

Tema 2.- Os Dereitos e Deberes fundamentais.

Tema 3.- A Coroa e os Poderes do Estado. O Tribunal Constitucional.

Tema 4.- As Comunidades Autónomas: constitución e competencias. O Estatuto de Autonomía para Galicia: Estrutura e disposicións xerais. A organización da Xunta de Galicia.

Tema 5.- Réxime local. Principios constitucionais e regulación xurídica. Clases de Entidades locais.

Tema 6.- O Municipio. A poboación e o territorio. Organización municipal. Competencias.

Tema 7.- As Facendas Locais. Clasificación dos recursos. Ordenanzas Fiscais. Impostos, taxas, contribucións especiais e prezos públicos.

Tema 8.- Os empregados públicos locais. Clases, organización, selección, dereitos e deberes. Réxime disciplinario.

- MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 1.- A Ribeira Sacra. Municipios que a integran: produtos típicos da zona e monumentos de interese cultural - turístico dos mesmos.

Tema 2.- O Centro de interpretación da Ribeira Sacra.

Tema 3.- A Torre da Homenaxe do Concello de Monforte de Lemos.

Tema 4.- A Pinacoteca dos Escolapios.

Tema 5.- O Pazo Molinos de Antero.

Tema 6.- Museo das Clarisas.

Tema 7.- Torreón da Cárcere Vella.

Tema 8.- O Concello de Monforte de Lemos e a súa relación coa comunidade Xudía.

Tema 9.- Principais rutas do Románico próximas ó Concello de Monforte de Lemos. Parroquias que as integran, así como, os monumentos de interese cultural - turístico das mesmas .

Tema 10.- Vías e parroquias do Concello de Monforte de Lemos. Monumentos i edificios de interese cultural-turístico das mesmas.

ANEXO I.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO NA DATA

I.- DATOS DA PRAZA QUE SOLICITO:

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO:

II. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DNI:

TELÉFONO PARTICULAR:

MÓBIL:

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

MUNICIPIO E PROVINCIA:

CÓDIGO POSTAL:

EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- a) Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder de 65 anos.
- c) Estar en posesión do título académico de esixido na base cuarta do bases específicas da convocatoria ou en condicións de obtelo na data na que termine o prazo de presentación de instancias.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas do posto/praza á que aspira.
- e) Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.
- f) Ter satisfeito a taxa por dereitos de exame.

Así mesmo, manifesto que me foi recoñecida unha minusvalía polo que solicito a adaptación que se adxunta polos motivos que se expresan. (En folio aparte especificar os motivos da minusvalía e a adaptacións que solicita).

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

....., a..... de.....de

Dado que prestei servizos neste concello como dende ata..... solicito se incorpore a este proceso selectivo concreto o meu certificado de servizos prestados.

(Asinado)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Monforte de Lemos, a 3 de abril do 2017.- O ALCALDE, José Tomé Roca

R. 0988

MONTERROSO

Anuncio

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de abril, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do procedemento aberto, atendendo á oferta máis vantaxosa, con varios criterios de adjudicación, para a adjudicación do contrato de obras de "Construcción de Fogar Residencial no Concello de Monterroso", conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adjudicadora:

- a) Concello de Monterroso
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría
- c) Obtención de documentación e información: Praza de Galicia, 1, e na web www.monterroso.es. Teléfono 982 377001; Fax 982 377617; E-mail concello.monterroso@eidolocal.es.

2. Data límite de obtención de documentación e información: O decimo terceiro día natural contado a partir da publicación deste anuncio no BOP.

3. Obxecto do contrato. Obras de "Construcción de Fogar Residencial no Concello de Monterroso". CPV 45210000.

4. Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación: Urxente .
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Criterios de Adjudicación: Os establecidos na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas particulares:

A) Melloras na calidade dos materiais proxectados e equipamento adicional que mellore a funcionalidade da edificación proxectada

Mellora 1.- Forrado e distribución de armarios empotrados, con tablero aglomerado plantificado, incluídos 3 caixóns, balda maletero e barra de aceiro.

Desmontaxe e instalación de mobles existentes do edificio a derrubar.

Valoración: 10 puntos

Mellora 2.- Inclúe a Mellora 1 e a substitución das portas proxectadas por portas macizas lacadas lisas, tanto en estancias coma en fronte de armarios que incluírán pechaduras.

Valoración: 25 puntos.

Mellora 3.- Inclúe a Mellora 1, Mellora 2 e a mellora na calidade da tarima proxectada, colocación de tarima de madeira de 22 mm de espesor e despece a 1 lama de roble.

Valoración: 40 puntos

Mellora 4.- Inclúe a Mellora 1, 2 e 3 e mellora na calidade da pintura proxectada, empregando para o acabado interior pintura plástica de calidade superior.

Valoración: 55 puntos

B) Reducción no prazo de execución ata 20 puntos

Asignaránse 20 puntos á oferta que produza unha menor duración do prazo sinalado pola licitación do proxecto.

O resto das ofertas valoraránse de acordó coa seguinte fórmula:

- Puntuación igual a $20 \times$ (mellor oferta de prazo/oferta considerada)

O cálculo anterior realizarase en días, considerando tódolos meses de 30 días.

C) Ampliación do prazo de garantía para a totalidade da obra licitada, ata 15 puntos.

A ampliación do prazo de garantía referirase á totalidade da obra incluídas as melloras que se formulen polo licitador, non admitíndose garantías parciais ou de desigual duración, que serán rexeitadas puntuándoas con 0 puntos. A maior puntuación corresponderá á maior ampliación de prazo de garantía ofertado, diminuíndo de xeito proporcional o resto con asignación da menor puntuación á menor ampliación de prazo de garantía ofrecida.

O prazo de garantía ofertado comenará a contar una vez sexa posta en servizo a edificación cun tope máximo de un ano a partir da recepción das obras.

O resto das ofertas valoraranse de acordo coa seguinte fórmula:

Puntuación igual a 15 (mellor oferta de prazo / oferta considerada).

O cálculo anterior realizarase en días, considerando todos os meses de 30 días.

D) Redución no prezo de orzamento do contrato ata 10 puntos.

As ofertas presentadas valoraranse obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática, é dicir, outórgaselle a maior puntuación á empresa que mellor oferta realice, e aos restantes en proporción a ésta, por regra matemática de tres

5. Orzamento base de licitación.

a) Importe Neto 206.611,57 euros. IVE % 43.388,43. Importe total 250.000 euros.

6. Garantía esixidas.

a) Provisional: No se esixe.

b) Definitiva: 5% do importe da adxudicación excluído o IVE,

7. Requisitos específicos do contratista:

a) Clasificación. Non se esixe

b) Solvencia económica e financeira, e solvencia técnica e profesional, no seu caso.

8. Presentación de ofertas: Dentro do prazo de 13 días naturais contados a partir do seguinte ao de publicación deste anuncio BOP de Lugo e no Perfil de contratante.

9. Apertura de ofertas: O terceiro día hábil tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 10:00 horas

10. Gastos de Publicidade. Por conta do adxudicatario.

Monterroso, 5 de abril de 2017.- O alcalde, Miguel Rico Gómez

R. 1019

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro en sesión ordinaria realizada o 19/01/2017 acordou aprobar inicialmente a Ordenanza Fiscal Nº 12 Reguladora da taxa de Recollida de Lixo. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 2/02/2017 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

“ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO.

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigos 81 e 296 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades.

O servizo pode prestarse por xestión directa ou indirecta.

2. Presúmese a utilización do servizo cando existe posibilidade de habitar a vivenda ou de usar o local por contar con calquera dos servizos de subministración de auga, enerxía eléctrica.etc.

3. Considéranse lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou restos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e se exclúen de tal concepto os residuos de tipo

industrial, escombros de obras, restos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos o cal a recollida ou vertido esixa medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

4. Non está suxeito á Taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- a) Recollida de lixos e residuos non cualificados de domiciliarias e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escorias e cinzas de calefacción centrais.
- c) Recollida de escombros de obras.
- d) Os residuos que estean considerados, legal ou regulamentariamente, como tóxicos ou perigosos, os posuidores ou produtores dos cales deberán cumprir as obrigacións establecidas nos artigos 5 da Lei 20/1986, de 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos, no artigo 13 do Real Decreto 833/1988, de 20 de xullo, e preceptos concordantes.

5. A obriga de contribuír existe dende o momento en que se presta o servizo na zona na que se sitúa a vivenda ou establecemento, tanto urbano como rural. O servizo de recollida de lixo é de recepción e uso obrigatorio para propietarios de vivendas ou locais sitos neste municipio nos que existe posibilidade de habitar a vivenda ou de usar o local por contar con calquera dos servizos de subministración de auga, enerxía eléctrica, etc.

Neste suposto, a taxa devéngase e nace a obrigación de contribuír o primeiro día de cada trimestre natural, calquera que sexa o tempo de duración do aproveitamento dentro do exercicio.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario, usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou precarista.

2. No caso de vivendas ou locais presumirase que é suxeito pasivo o titular do abono ó servizo e, no caso de establecementos comerciais, a persoa a nome da cal figure a licenza de apertura e os restantes tributos municipais que gravan a actividade desenvolvida.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigacións do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42.1.a) e b) da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades, os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala a Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º. EXENCIONS.

Ó abeiro do establecido no artigo 24.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para ter dereito á obtención deste beneficio, o interesado deberá acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello.

ARTIGO 6º. COTA TRIBUTARIA.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2. A tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas:

Epígrafe 1º. - Vivendas

Por cada vivenda 30 €/ano

Epígrafe 2º. - Aloxamentos

A) Hostais, Moteis, Pensiós de unha ou mais estrelas

- 1ª Categoría (Camiño de Santiago) 420 €/ano

- 2ª Categoría (núcleo de Pedrafita) 300 €/ano

- 3ª Categoría (resto do municipio) 120 €/ano

B) Casa de Hospedes, Casa de Aldea- Hospedería

Casa de Aldea- Residencia 162,27 €/ano

C) Casas de Turismo Rural en aldeas 60 €/ano

D) Albergues de Peregrinos

- 1ª Categoría (superficie superior a 250m.cadrados)	480 €/ano
- 2ª Categoría (superficie entre 150 e 250m.cadrados)	300 €/ano
- 3ª Categoría (superficie inferior a 150m. cadrados)	180 €/ano
Epígrafe 3º. – Establecementos de alimentación	
A) Supermercados, economatos e cooperativas	180 €/ano
B) Pescaderías, carnicerías e similares	120 €/ano
C) Almacén ó por maior de froitas, verduras e hortalizas	120 €/ano
Epígrafe 4º. – Establecementos de restauración	
A) Restaurantes e mesóns	
- 1ª Categoría (Camiño de Santiago)	300 €/ano
- 2ª Categoría (núcleo de Pedrafita)	216 €/ano
- 3ª Categoría (resto do municipio)	126 €/ano
B) Cafeterías e bares	
- 1ª Categoría (Camiño de Santiago)	180 €/ano
- 2ª Categoría (núcleo de Pedrafita)	120 €/ano
- 3ª Categoría (resto do municipio)	90 €/ano
C) Pubs	150 €/ano
Epígrafe 5º. – Establecementos de Espectáculos	
A) Cines e Teatros	126,21 €/ano
B) Salas de Festas e Discotecas	126,21€/ano
Epígrafe 6º. – Farmacias	
Farmacias	150 €/ano
Epígrafe 7º. – Talleres	
A) Talleres de reparación e compra/venda de vehículos e maquinaria agrícola en xeral	180 €/ano
B) Outros Talleres de reparación e venda	120 €/ano
Epígrafe 8º. – Gasolineiras	
Gasolineiras.....	210 €/ano
Epígrafe 9º. – Industrias Agroalimentarias e de produtos artesanais	
A) Pequenas Industrias agroalimentarias e de produtos artesáns	60 €/ano
B) Industrias Agroalimentarias e de produtos artesáns en xeral	90 €/ano
Epígrafe 10º. – Matadoiros	
Matadoiros	240 €/ano
Epígrafe 11º. – Establecementos de venda de produtos fitosanitarios e agrícolas	
Establecementos de venda de produtos fitosanitarios e agrícola	90 €/ano
Epígrafe 12º. – Establecementos de fabricación e venda de pan	
Panaderías	180 €/ano
Epígrafe 13º. – Outros locais industriais ou mercantís	
A) Oficinas Bancarias	150 €/ano
B) Xestorías e Asesoría	90 €/ano
C) Comercio	90 €/ano
D) Pequeno Comercio (superficie inferior a 20 m ²)	60 €/ano

E) Perruquerías	72 €/ano
F) Administración de loterías	90 €/ano
G) Ferreterías e materiais de construción	120 €/ano
H) Demais locais non expresamente tarifados	120 €/ano

Epígrafe 14º. – Despachos profesionais

Despachos profesionais	72 €/ano
------------------------	----------

Epígrafe 15º. – Funerarias e Tanatorio

Funerarias e Tanatorio	180 €/ano
------------------------	-----------

1. As cotas sinaladas na tarifa teñen carácter irredutible.

ARTIGO 7º. DEVENGO.

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se iniciara a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o Servizo de Recollida de Lixo domiciliario, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos a Taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo as cotas devengaranse por trimestre vencido.

3. A cobranza poderá realizarse en recibo conxunto coa Taxa de servizo de abastecemento domiciliario de auga potable.

ARTIGO 8º. DECLARACIÓN E INGRESO.

1. No padrón de Recollida de Lixo incluírase, de oficio ou por comunicación do interesado, calquera alta de novos suxeitos pasivos.

2. Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera

variación dos datos figurados no padrón, levaranse a cabo neste as modificacións correspondentes, que xurdirán efecto a partir do período de cobranza seguinte ao da data na que se efectuará a declaración.

3. O cobro das cotas efectuarase trimestralmente mediante recibo derivado do padrón

ARTIGO 9º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan en cada caso, estarase ao que se dispón nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, que se aprobou polo Pleno do Concello na súa sesión celebrada o día 19/01/2017, entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no B.O.P de Lugo, e será de aplicación dende o día seguinte á súa publicación no dito boletín, ata a súa modificación ou derogación expresas.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza Fiscal Nº12 Reguladora do Tributo Recollida de Lixo aprobada polo pleno da Corporación en sesión ordinaria do 7 de abril de 1998 e a súa modificación de data 13 de setembro de 2007."

En Pedrafita do Cebreiro a 30 de marzo de 2017.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R- 0989

*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE FEBREIRO DE 2017 .**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 3 de Marzo de 2017 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de febreiro de 2017, de acordo co seguinte:

- **Padrón correspondente ao mes de febreiro: 2197,79 €**

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de marzo de 2017 e o 01 de maio de 2017.

Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

En Pedrafita do Cebreiro a 03 de marzo de 2017.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena

R. 0990

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro en sesión ordinaria realizada o 19/01/2017 acordou aprobar inicialmente a Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Bens Inmóbles. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 2/02/2017 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES (IBI)

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO.

O concello de Pedrafita do Cebreiro de conformidade co disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fai uso das facultades que lle confire a mesma en orde á fixación dos elementos necesarios para a determinación das cotas tributarias do Imposto sobre Bens Inmóbles, rexéndose a súa exacción polo disposto na presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2º. TIPO DE GRAVAME.

Na aplicación do artigo 72 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame será:

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,40%.
2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,30%.

ARTIGO 3º. EXENCIÓNS.

1. Ademais das exencións previstas no texto vixente do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en virtude do artigo 62.4 da Lei por razón de criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, establécese unha exención por contía mínima, que se aplicará do seguinte xeito:

- a) Quedarán exentos os bens inmóbles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior a 5 €.
- b) Quedarán exentos os bens inmóbles de natureza rústica no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade de bens rústicos posuídos no termo municipal, sexa inferior a 5 €.

4.- ARTIGO 4º. BONIFICACIÓNS.

1. A bonificación establecida no artigo 73.1 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, será do 50%.

2. Dacordo co establecido no artigo 73.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os bens os que fai referencia gozarán dunha bonificación do 50%.

3. En virtude do artigo 74.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, gozarán dunha **bonificación do 95% na cota íntegra do imposto**, aqueles bens inmóbles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ó sector primario, por ser declaradas de especial interese ou utilidade municipal por este Concello.

No suposto de que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas anteriormente, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias ou gandeiras, soamente se aplicara a

bonificación do 95% da cota íntegra do imposto á construción adicada a uso agrario ou gandeiro, a restante construción non terá bonificación.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e xurdirá efectos a partir do período impositivo seguinte ó da resolución de dita solicitude.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

No caso de explotacións gandeiras:

- Libro de Explotación, ou Xustificante do recoñecemento de explotación.
- Fotocopia do último recibo do Imposto de bens inmobles ou declaración de alteración de bens no caso de que o recibo figurase a nome doutro propietario. En caso que o titular do Ben Inmóble vinculado as instalacións gandeiras sexa distinto ao Titular da Explotación deberá acreditar a vinculación existente da persoa Titular da Explotación coa Persoa Titular do Ben Inmóble, mediante unha declaración xurada.

No caso de usos agrarios:

- Informe de Catastro ou Consulta descritiva onde figure a construción con uso de almacén agrario.
- Fotocopia do último recibo do Imposto de bens inmobles ou declaración de alteración de bens no caso de que o recibo figurase a nome doutro propietario. En caso que o titular do Ben Inmóble vinculado aos usos agrarios sexa distinto ao Titular da Explotación deberá acreditar a vinculación existente da persoa Titular da Explotación coa Persoa Titular do Ben Inmóble, mediante unha declaración xurada.

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ó respecto desta bonificación.

Os obrigados tributarios deberán comunicar ó concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal.

Polo Concello, poderá declararse, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito procederáse cando a administración coñeza por calquera outro xeito, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

ARTIGO 5º. DEVENGO E PERÍODO IMPOSITIVO.

1. O Imposto devengará no primeiro día do período impositivo
2. O Período Impositivo coincide co ano natural.
3. Os Feitos, actos e negocios que deben ser obxecto de declaración ou comunicación ante Catastro Inmobiliario terán efectividade no devengo deste imposto inmediatamente posterior ó momento en que se produzan efectos catastrais.

ARTIGO 6º. XESTIÓN DO IMPOSTO.

1. O Concello agrupará nun único documento de cobro todas as cotas deste imposto dun mesmo suxeito pasivo cando se trate de bens rústicos.
2. División de cotas por cotularidade.

Os recibos e liquidacións tributarias emitiranse a nome de quen apareza como primeiro titular do dereito constitutivo do feito imponible no Padrón remitido pola Dirección Xeral do Catastro. Sen embargo, cando un inmóble pertenza a dous ou máis titulares, calquera deles poderá pedir a división da cota tributaria sempre que previamente se incorporase a relación de cotulares á Dirección Xeral do Catastro. A división terá lugar no padrón inmediatamente posterior a aquel no que se solicite a división e se manterá nos sucesivos mentres non se solicite a modificación.

3. A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste municipio, serán competencia exclusiva do Concello e comprenderán as funcións de recoñecemento, e denegación de exencións e bonificacións, realización de liquidacións conducentes a determinación das débedas tributarias, emisión de documentos de cobro, resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra ditos actos e actuacións para a asistencia e información ó contribuínte referidas a materia comprendidas neste apartado.

ARTIGO 7º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En todo o relativo a cualificación das infraccións tributarias así como a determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenroten.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Son directamente aplicables as normas contidas nos artigos 60 a 77 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que se consideran incorporadas a esta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

En Pedrafita do Cebreiro a 30 de marzo de 2017, O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0991

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***Expediente número: A/27/20908.**

Asunto: Modificación de la solicitud de concesión de un aprovechamiento de 0,0852 l/seg. de aguas del manantial Fonte dos Pedregais, en Pastoriza, con destino a agastecimiento a Pastoriza, en el T.M. de A Fonsagrada.

Peticionario: Comunidad de Usuarios da Auga da Fonte dos Pedregais.

BREVE DESCRIPCIÓN DE LA MODIFICACIÓN:

Se pretende incrementar el caudal a derivar en 3200 m³ al año (0,1 l/seg) para regar 0,55 Ha en parcelas del entorno de Pastoriza.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de A Fonsagrada**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 6 de marzo de 2017. - **EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES**. Pedro Granda Rodríguez

R. 0663